

Ecosistemas terrestres e acuáticos

Os ecosistemas poden ser **terrestres** ou **acuáticos**.

ECOSISTEMAS TERRESTRES



Nos **bosques**, as árbores e os arbustos serven de acubillo e proporcionan alimento aos animais.



As **pradarías** son grandes extensións de herba. Nelas viven os grandes animais herbívoros.



Nos **desertos** a auga é moi escasa, polo que nestes ecosistemas habitan poucos seres vivos.

ECOSISTEMAS ACUÁTICOS



Os **ecosistemas de auga salgada** encóntranse no mar.



Os **ecosistemas de auga doce** encóntranse nos ríos e lagos.

- 1 TRABALLA COA IMAXE.** Elixe un ecosistema terrestre e outro acuático e compáraos.

- 2** Que tipos de ecosistemas son? Escribe *terrestre* ou *acuático*.







- 3** En que ecosistema habita cada animal? Escribe.



dromedario



búfalo africano



polbo



balea



riu



escorpión

Deserto

Mar

Pradaría

- 4** Investiga sobre un ecosistema próximo á túa localidade e escribe nomes de plantas e animais que vivan nel.

Hai ecosistemas terrestres, como os bosques, as pradarías e os desertos, e ecosistemas acuáticos.

A vida nos ecosistemas

Os seres vivos dun ecosistema dependen uns dos outros para alimentarse. Por exemplo, os coellos son herbívoros e aliméntanse de herba, e os raposos, que son omnívoros, comen coellos.

Estes tres seres vivos forman unha **cadea alimentaria**.



Os seres vivos dun ecosistema **colaboran** e **axúdanse entre si**. Por exemplo, os ñus desprázanse en grupo para se protexeren dos ataques dos leóns.

As persoas e os ecosistemas

Algunhas actividades humanas danan os ecosistemas: a corta excesiva de árbores, a acumulación de lixo, algunhas fábricas que ensucian o aire e a auga...

Pero as persoas tamén se preocupan polo cuidado da natureza. Por este motivo, protéxense espazos naturais e animais que están en perigo, replántanse árbores, recíclase o lixo...



Parque Nacional das Illas Atlánticas.

- 1 EN GRUPO.** Investiga con varios compañeiros sobre algún animal que estea en perigo de desaparecer en Galicia.

2 Observa esta cadea alimentaria e contesta.



- De que se alimenta a aguia?

- Que come a serpe?

- Que come o rato?

- Como é cada animal segundo a súa alimentación? Escribe **carnívoro** ou **herbívoro** segundo corresponda.

rato ►

serpe ►

aguia ►

3 Para que se protexen algúns ecosistemas? Marca varias opcións.

- Para conservar as paisaxes naturais.
- Para coidar os seres vivos que habitan alí.
- Para conservar as construcións que fixeron as persoas.
- Para evitar actividades humanas que poidan danar o ecosistema.



- 4 Explica como pode afectar un incendio nun bosque os seres vivos que habitan alí.**

Os seres vivos dun mesmo ecosistema dependen uns dos outros. As persoas debemos protexer e coidar a natureza.

As paisaxes de costa

A costa é a parte da terra que está preto do mar. Cando a costa é chá, adoita ter amplas **praias** de area. Pola contra, nas zonas de costa onde as montañas chegan ata o mar hai altos **acantilados** de rocha.



praia



acantilado

Outros elementos da paisaxe costeira son os cabos e as illas. Un **cabo** é unha ampla porción de terra que entra no mar. Unha **illa** é unha extensión de terra completamente rodeada polo mar.



cabo



illa

Na costa constrúense portos, faros, estradas, aldeas, vilas e cidades. As zonas costeiras teñen moitos habitantes.

Durante o período de vacacións, moitas persoas viaxan á costa.

1 TRABALLA COA IMAXE. Observa as dúas primeiras fotografías e explica as diferenzas que hai entre unha praia e un acantilado.

2 Escribe V (verdadero) ou F (falso).

- As paisaxes de costa son paisaxes de interior.
- A costa sempre é chá e areenta.
- As illas están completamente rodeadas de auga.
- Un acantilado é unha zona alta e rochosa que está xunto ao mar.
- Na costa viven máis persoas ca nas montañas.

3 Observa e une.



acantilado



faro



cabo



porto

4 A que construción da costa nos referimos en cada caso? Escribe.

A súa luz serve para guiar os barcos durante a noite. ►

Lugar onde atracan os barcos para cargar e descargar mercadorías. ►

Nas paisaxes de costa podemos encontrar praias, acantilados, portos, aldeas, vilas e cidades.

Os ríos na paisaxe

Un **río** é unha corrente continua de auga doce.

O percorrido que realiza un río chámase **curso** . Ao longo do seu curso, os ríos atravesan distintas paisaxes.



Os ríos nas montañas

Os ríos nacen nas montañas e discorren polos vales.

Nas montañas, os ríos son estreitos e levan pouca auga. As súas augas baixan moi rápidas porque existe moita pendente.



Os ríos na chaira

Na chaira, os ríos son largos e discorren lentamente porque o terreo non ten pendente.

Os ríos na chaira levan abundante auga porque reciben a auga doutros ríos, que son os seus **afluentes** .



Os ríos na costa

Finalmente, os ríos chegan á costa. Alí son moi largos e as súas augas discorren moi lentamente.

O lugar en que un río verte a auga ao mar chámase **desembocadura** .

- 1 **Imaxina que navegas nunha canoa desde o nacemento dun río ata a desembocadura. Describe as paisaxes que ves na túa viaxe.**

- 2 **Completa.**

Os ríos nacen en _____, atravesan _____ e desembocan _____

- 3 **Como son os ríos en cada paisaxe? Observa e completa.**

estreitos - largos

pouca - moita

tranquilas - rápidas



Na montaña

Os ríos son .

Levan auga.

As augas son .



Na chaira

Os ríos son .

Levan auga.

As augas son .

- 4 **Que é un afluente? Marca.**

- Un río que desemboca no mar.
 Un río que desemboca noutro río.



Os ríos nacen nas montañas e desembocan no mar.
O percorrido que realiza un río chámase curso.